



## *Oda a Xesús Cristo*

Xosé Antón Miguélez Díaz, Edt. SEPT, 2021,  
coa colaboración de *Encrucillada*



Estamos ante un libro verdadeiramente singular. Singular polo seu formato: un 15 por 10 que sabe e ole a libro de peto, a acompañante seguro do que botar man en calquera tempo e lugar. Un libro non moi extenso, 148 páxinas, que por iso mesmo, invita ao respectuoso sosego no seu uso, cal se de menciña curadora se tratase. Un libro fermoso na súa sinxela presentación, decorado coas imaxes do recoñecido artista esloveno, o xesuíta Marko Rupnik. Un libro completado ademais por unha inxente cantidade de citas bíblicas, colocadas en apéndice final, nas que podemos comprobar como os innumerables matices sobre Xesús e o seu significado presentes no escrito non son froito só dunha maduración persoal, senón tamén consecuencia dunha lectura constante e meditativa dos

textos bíblicos. Un libro, en fin, ao xeito dunha xoia ou semente valiosa, que na súa humilde aparencia agocha abundante graza e potencialidades.

O título do libro non engana: *Oda a Xesús Cristo*. Trátase dun longo poema lírico en 300 estrofas en versos hendecasílabos, rimando os pares sempre en asonante coas vocais «úa». Un poema lírico, un poema de amor, un poema de amante ao seu amado, no que o autor se comprace contemplando e describindo a variada e fonda excelencia e fermosura daquel a quen ama e segue, e comparte con quen o lea a inmensa floración de sentimentos que tal contemplación amorosa e vital lle produce. Adórote, quérote, bendígote, grazas, son palabras que frecuentan e concentran as páxinas do libro. O autor amósanos agradecido o que ao